

# Sahumerio de lembranzas e saudades

Por XOSÉ LEYRA DOMÍNGUEZ

Coido que Iria-Flavia e Brigantium Flavium son, ademáis dos derradeiros nomes latinos de Ocidente, os máis fermosos topónimos de Galicia e, por suposto, dos de tuda a península.

Dende o século XVI acudiron, procurando refuxio dentro dos seus muros, moitume de veciñas familias fidalgas, solarengas; velahí o apelido incesado e un tanto louvamíñeiro de Betanzos de los Caballeros.

Betanzos, nun tempo provincia, e, entón, a máis poboada, era como é hoxe «verxel enfeitado ao que Deus ten outorgado a amenidade do Jordán e a fertilidade de Hebrón», asegún certa apreciación de Antonio de la Iglesia.

«Camiño de deuses» o chamaba o alemán Ziegler cando percorría os paraxes alongados de Betanzos á Coruña.

Tamén o grave e hirsuto Unamuno pasmábase cando bordeaba as rías de Ferrol a Betanzos, restregando a vista con verdura anegada en maina brétema, ollando o mar lamendo a lingüetadas de rías o verdor parduzco dos montes postrados.

En Betanzos, na marea baixa, demorándose nos meandros das Xunqueiras, o Mandeo de doce auga, parece esquecerse de pagar o tributo ao mar. Cemiterios de barcos heteroxéneos: dornas, pataches, traineras con méia panza ao vento, dormitan preguizosos.

Cando a marea comenza calmosa a rubir, o Mandeo bebe a sorbos a copa amarga, cambiando o panorama. A auga vaise salando e enverdecendo, despertan do seu sono as barcas, cabecean e mostran nomes románticos pintados na popa.

Betanzos, ao igual que Combarro, é un verdadeiro paraíso para os pintores, ese paraíso perdido que os artistas levan dentro como o levaba o cego Milton.

Eiquí pintou primoroso cuadros e orixináis dibuxos Pérez Villaamil, o primeiro paisaxista de España. Trabúcase Lafuente Ferrari sostendo como iniciador da pintura de paisaxe a Carlos de Haes. Cando nacera este esgrevio pintor xa tiña Villaamil vintedós anos e xa fora nomeado profesor do Colexio Militar de Compostela. Villaamil foi o pintor máis romántico de cantos pintores, salvo Goya, tivo España no pasado século. Seijo Rubio, pintor un tanto desigual, soupo captar a Betanzos na súa totalidade, visto de lonxe, con gran acerto. Castro Gil e Julio

Prieto Nespereira lograron plasmar en rexos augafortes a beleza sosegada dos seus peiraos e bocarribeiras. Tamén nós tivemos o ardimento de pintar en varias ocasións a belísima fachada de Santa María do Azougue, o ábside do convento de Menores e unha pluralidade de hórreos insones na beira do río.

En San Francisco, ollando o gran retábulo da Apoteosis do esmolante de Asís, obra mestra de Ferreiro, e contrastando o sartego de Fernán Pérez de Andrade, vestido de guerreiro, escoltado por cans, repousando por cima do fero xavalí e do compacto oso, sartego certamente dos máis fermosos dentro da escultura funeraria galega, non deixo de matinar sobor da dignidade do Cristianismo e a indignidade dos cristiáns.

Betanzos, certamente, ten moito de cidade muséu. Cando camiñamos polas saudosas e arcaicas rúas, xa con certa canseira ao rubir tanta costa, sen podelo remediar nen pretendelo, nos lembramos de Toledo, tamén xoia de maravillas de Arte, de Historia, de Tradicións e de Lendas, e tamén abondoso en costas empinadas.

Arredadoo de milleiráis máis outos que homes, de searas e centeos, dos máis varios e matizados cultivos, érguense eiquí e acolá inxentes palleiros protexidos por impermeabels de feno, gardando no seo a recendente palla da derradeira recolleita; moitedume de parras sostidas por pequenos fustes de vello granito ou nodosos baceiros.


Ben quixéramos ter a fantasía de Cunqueiro para cantar coa axeitada ledicia o viño de Betanzos, viño certamente ilustre, un pouquiño ácido en verdade, mais de singular gracia e paladar. Si o viño de Tokai na Hungría é o viño máis oriental de Europa, o viño de Betanzos é o máis setentrional dos viños galegos; é un viño saudoso, sen química algunha; é un tanto mais humilde que o «albariño», viño feito para soñar; non chega ao prestixio dos «Ribeiros», do Miño, do Avia e do Arnoya; non ten o seu poeta como tivo o viño cambadés en Ramón Cabanillas; tampouco ten a forza petulante dos viños do «Condado», mais, si este viño foi bebido por Pedro Madruga, o viño de Betanzos foi bebido, como naide, por Fernán Pérez de Andrade.

Nesta decoración das paisaxes e rúas de Betanzos, destácase aínda para gloria da cultura céltica un personaxe engaiolado coa súa historia, descubridor da súa heráldica, camiñante sempiterno dos vieiros sementados de castros, citanias e mámoas, personaxe cangado de anos; conta con máis de noventa primaveras mantendo o seu espírito desbordante de xuventude. O primeiro traballo que coñecemos desta esgrevia figura está datado no mes de San Miguel no ano 1918; nese tempo era presidente da «Irmandades da Fala». Dende entón os seus traballos forman selva. Non ten vagar na súa constante laboureira de investigador; son moitas as súas producións que agardan na imprensa ou en próxima publicación; outros andan no seu maxín en estado de xerme agardando o seu crecemento.

Este velliño-novo conserva inda hoxe, apoiado no seu bastón, a figura patri-

cia, elegante dos seus anos mozos, pulcritura na súa escura vestimenta e unha ollada serea, nítida, como de alborada, deixando transparentar a ialma ao través dos seus ollos azúis.

Cando camiña lento polas rúas de Betanzos non pasa inadvertido do xentío transeúnte. Uns e outros míranse e din: «Ahí vai don Francisco Vales Villamarín». Nesta exclamación hai un afecto e un tácito recoñecimento de ver nel un home superior, un home que tanxentea zonas superiores da vida.



Jesús Núñez, por Alfredo Erias.